

O EXTRAÑO CASO DE LOIS PEREIRO

Margarita Ledo Andión

Señor presidente da RAG:

É no nome desta institución que me dispoño a falar do que titulei “O extraño caso de Lois Pereiro” e do seu pensamento. E fareino dende os autores cos que constrúe os seus ensaios, fareino dende o espazo cara a onde, de maneira rimada, nos remite –é dicir, Galiza- e fareino dende o discurso do “eu”, dende a auto-referencia máxima, dende o corpo como corpo enteiro, como sinatura, como material que o conecta co exterior, a través do sexo e da heroína, por exemplo; do corpo do vestido e do corpo do compromiso, do corpo do “eu” que escribe para saber que escritor é, para poder cavilar: de que parte estou eu?

En *L'Étrange cas de madame Huillet et monsieur Straub*, comedia policial que Laffosse lles dedica aos dous cineastas, Jean Marie fala de Kafka como o grande poeta da civilización industrial “mesmo que el non teña feito poemas”, porque dende que a devandita existe -cito- “nas súas novelas atópase toda a penuria que teñen que aturar as conciencias”. E fala da información toda que Kafka utilizou na obra *América* ou de que as súas novelas, en non sendo documentarios sobre a civilización industrial, “relatan o que esta produce nas almas”. E Danièle engade que o Kafka coñecía o número de suicidios habidos na illa onde as persoas, antes que os Estados Unidos as aceptasen ou rexeitasen, eran reclusas. O verdadeiro escritor comunista é Kafka, repentinamente Straub canda Benjamin. E isto non é unha parvada, di.

O verdadeiro escritor comunista –unque, de seguro, o aparato acabaría deportándoo, e tampouco é unha parvada- é Lois Pereiro. Dígovolo dende o debate *A idea do comunismo* que, so iniciativa de Badiou e Žižek, comeza no 2009 en Londres, séguese en Berlín en 2010 e continuará no vindeiro outono en Nova York, porque cremos na necesidade dunha nova renacementa de todo o que hoxe, con absoluta crueldade, nos falta: a total independencia de pensamento vis a vis do consensus occidental dito “democrático”, que organiza a nivel mundial a súa propia e tóxica continuidade desprovista de senso, asegura na presentación o filósofo francés.

Guevarista, porque non lle é alleo nada da humanidade. Porque cre en 1,2,3, moitos Vietnam. Porque Galiza é o lugar, na historia, onde Lois Pereiro, suxeito escritor pasa á acción e decide, dinos, “militar na miña propia lingua”. Éis a personaxe pública que a Real Academia Galega conmemora.

Entre Brecht e Benjamin un *flâneur* observa. É Lois Pereiro. Aprende deles, do militante-poeta e do crítico, de dúas cariátides que terman do século XX, o pesimismo verbo do progreso, a xusteza da linguaxe, o vencello materialista entre arte e compromiso político, o sentido da *mise en scène* que fai do seu sorriso maino, do seu gabán longo e atlántico unha icona, e do entusiasmo en que ve escritos letreiros en gaélico ou a bandeira de Escocia en movemento, a crenza na resistencia.

Fourierista de noso, coma Rosalía, coma quen fixeran esa grande performance en 1856, O Banquete de Conxo, e que só tentar imitar é en si un acto creativo, nel, en Lois Pereiro, o soño é o soño de algo que te atira e que tira desa enerxía chamada a se consumir na insurrección sen futuro, describe Rancière en que analiza os textos das follas voandeiras e dos xornais de grupo aló, digamos que no París de 1830 ou aínda no de 1848, aló, cando as sociedades-cantantes, as *goettes*, eran o novo lugar de reunión noitébrega e feliz, tal os círculos recreativos republicanos ou o colectivo poético DADE (<<De Amor e Desamor>>, con licenza), e el, Lois Pereiro, escribía fragmentos dunha correspondencia íntima e ultramarina coma o Pierre Vinçard, axitador, o facía en “La Fraternité”.

Baudelaire, Bernharnd, Castelao, Celan, Cocteau, Nico, Sex Pistols, Mallarmé, Manuel Antonio, inapreixábel, a deixar unha estrela en cada constelación, no caso de Lois é xusto *un coup de dés* o que dará cabo do azar para ficar o rastro do que fai nas almas e nos corpos a civilización postindustrial. Quizais dende que, co desmantelamento do sistema produtivo que en occidente acompañou o século, o artista adolescente mira a morte do modo de vida dos traballadores do ferrocarril e confúndese no ignoto dese ronsel que deixa a culler de café pendurada no cordel do retrete. Isto é o meu, pensa, coma se un corte de mangas abundase para separarse de quen manda.

O envelenamento alimentario e a sida. Eís unha das imaxes que a violencia do poder contemporáneo universaliza e naturaliza. Eís o estraño caso de Lois Pereiro, que sae do catálogo destas imaxes naturais da destrución e en ollando de fronte o engano vai dinamitalo ao que entrenza o seu pensamento en cavilacións nas que experiencia e lingua, constitutivas da consciencia, tensan nos pregues dun pano común do que terma quen non colabora en que a roda “opresiva e maldita continúe a xirar eternamente, perpetuando, nun cíclico cambio de papeis de amos e escravos, a mesma situación, ata que a Terra estoupe de noxo e perversión. Farta de nós”. Tamén el, como Ricardo Mella, andaría no Sindicato dos Tranviarios e coas bagoadas, os outeiros, os fractais de liques e herba, as engurras do camiño entre Reádigos e Santa Cristina do Viso labraría a ruta Ho-Chi-Mhin mentres o seu ollar procura, na néboa na que amolece o horizonte, o comandante Marcos, e proclama “o dereito de Cuba a ser un soño vivo”.

Tal as prácticas artísticas da primeira vangarda, Lois Pereiro aposta por un diario filmado sen fóra de campo, pola inscrición da escrita na vida cotiá, por un *travelogue* cheo de apuntamentos e de confesións que collen forma no momento da montaxe, é dicir, do libro. Coma no cinema experimental, procura o interdito, o impronunciábel, o tabú que subxace na poética do máis inmediato, accidental e abismal. Da súa voz *cool* ecoa a palabra repouso, a atmosfera que preludiva o desexo, a reversibilidade do tempo e a reconstrución, sempre en presente, da experiencia mentres, da man de Eliot, pon en orde “esta vida que só imaxino que a estou vivindo”, pon en orde as súas terras, a súa xinea, a súa xeografía, a Galicia de *Qué é Galicia?* onde, do A ao Zeta, está o abecedario todo, enteiro, abecedario que el recompón en guión para a tele, 1988, nunha das súas intervencións artísticas que cadaquén de nós podemos continuar e que terma dos ecos dese filme marabilloso Wenders, *No correr dos días*, e da escena en que os protagonistas len o rastro das mensaxes de soldados americanos nunha garita de fronteira para exclamar -forma sutil de insumisión, Lois- “tēñennos colonizado o subconsciente”.

Na súa forma, o pensamento de Lois Pereiro exhibe cualificativos que non dan lugar a interpretacións dobres ou a derivas morais porque cada palabra denota o sentido preciso da “infamia, da historia criminal do poder”, escribe en que recupera a capacidade dos incapaces –Rancière, outra volta-, o manifesto, ese *Eu acuso* que arestora os intelectuais volven expresar na praza.

De Badiou a Zizek, no Londres que é como Monforte; no Berlín que é a fotografía no muro de Luchi e mais Piedá, no cemiterio Père Lachaise que é o túmulo de Jim Morrison porque é onde entraron para sempre na historia os corpos asasinados de *les communards*. A lingua como arma e o esforzo por non nos deixar ir nesa liña invisíbel que te transmuta “en agresor, en amo terrorífico de alguén máis indefenso, coma as mulleres vítimas sempre”.

Leo a *Modesta proposición*, un texto que deveu xa ritual porque se partilla tal unha *imagined community* que se sitúa de costas a quen manda. Leo outras achegas de Lois Pereiro en medios de grupo: *Luzes*, *La Naval*, *Das Kapital*, *Dorna*, nas que eu propia, nos oitenta, colaborara. Procuo, por convicción, a ancoraxe no Brecht de *Pezas de aprendizaxe* maila cartografía intelectual e cultural que o escritor adoptou e na que, tamén por convicción, introduzo lugares que son os seus lugares –a ética, a melancolía- e variacións fílmicas nas que ese núcleo seminal, a escrita como vida, se despega do *Falso movemento* (Handke/Wenders, o suicidio, a dor pura, a exploración do aínda non acontecido) para entrar a paso de andadura na nación inadaptada, nesa paisaxe de lingua e de ironía que el mima. *Amor a mort*, a man autoral de Tàpies por entre os materiais dun dos seus cadros é unha adherencia que me fai compañía cada vez que a imaxe diagonal de

Lois Pereiro nos convida a deixar pegadas, marcas, coas mans “ou cos miolos espallados no chan” mentres nese noso teimudo sorriso interno el aloumiña un triunfo.

Na *Modesta proposición*, Pereiro cita a Baudrillard e fai a súa aparición o futuro como negación, a perda do que nunca acadamos canda a esperanza naquilo que nunca se vai ter. Pero cando, unha e outra vez, cita a Bertolt Brecht, Lois Pereiro é o suxeito ético que, sexa quen for o outro, mesmo o inimigo, convócao “como igual en dignidade e liberdade a si propio”. A ética, en Lois, devén esa forte sobreimpresión que soborda o corpo-materia e o dispositivo da escritura para que o coñecemento do novo aconteza, para que aconteza o recoñecemento daquel ou daquela para quen vai dirixida a escrita. E recólloo nas palabras devanditas dunha pensadora, Marie-Jose Mondzain que advirte que a escolla das formas levan canda si a marca do réxime so o cal se produce o encontro con aquela persoa, con aquel <<nós>> para quen Lois Pereiro publica: “La dimension de la liberté est una dimension politique à partir du moment où je m’adresse à l’Autre en tant qu’il est égal à moi-même en dignité et en liberté (...)] Il y a chez celui à qui s’adresse un potentiel de création dont on ignore l’exacte nature, mais un potentiel d’être le maître de son désir, d’être à l’origine de ses actes et de ne pas être le jouet du destin et du pouvoir d’un autre”. Longa cita para resumírvola, sen pasar pola tradución, nunha frase da *Modesta proposición*: poder de decisión –tamén no suxeito lector- sobre os meus soños, dúbidas, medos, razóns.

Na fin de *Carta breve para un longo adeus* de Handke, unha parella senta no pico dunha lomba con John Ford. Cando o home lle conta que escollera ser poeta, que escollera unha lingua lonxe do poder, que estudara alemán para ler, por exemplo, *O frío* de Bernharnd, que despois veu a colza, a vertixe experimental, a sida e o Día das Letras, John Ford riu silandeiro, con toda a faciana.

-Ach Gott -dixo

Entón púxose serio, volveuse cara á muller e preguntou:

-E verdá todo iso? Nada desa historia é un invento?

-Non –respostou ela- Aconteceu desa maneira.